



## **ASUNTO: INFORME DO SERVIZO DE PLANIFICACIÓN HIDROLÓXICA SOBRE O RÉXIME DE CAUDAIS ECOLÓXICOS NOS RÍOS DE GALICIA COSTA**

PETICIONARIO: ASOCIACIÓN ECOLOXISTA AMIGOS DA TERRA

En relación coa súa solicitude de información sobre o réxime de caudais ecolóxicos a establecer nos ríos da Comunidade Autónoma de Galicia e os procesos de participación pública asociados para a súa aprobación consensuada, Augas de Galicia infórmalle que:

- Augas de Galicia, como organismo de conca, ten competencias na planificación hidrolóxica e xestión do DPH da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa. Igualmente, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a do Cantábrico e a do Douro, xestionan as súas respectivas Demarcacións Hidrográficas.
- A implantación dos distintos réximes de caudais ecolóxicos, procesos de concertación ou, tal e como se formula na petición de información, as autorizacións e concesións necesarias para realizar un novo aproveitamento hidroeléctrico, dependen do Organismo de Conca que corresponda segundo a ubicación xeográfica da conca de referencia.
- Augas de Galicia, acaba de iniciar o proceso de Consulta Pública do Borrador do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa que está a súa disposición na páxina web oficial do organismo autónomo. No capítulo 5 da Memoria do Borrador do Plan, figura o réxime de caudais ecolóxicos, xa que constitúe un dos contidos obrigatorios segundo a Directiva Marco da Auga (DMA 2000/60/CE) e a súa trasposición á lexislación española coa Lei 62/2003 de medidas fiscais, administrativas e de orde social, a través do artigo 129, que modificou determinados aspectos do texto refundido da Lei de augas.
- Non obstante cabe destacar que Augas de Galicia realizará nos próximos meses os estudos técnicos destinados a determinar os elementos do réxime de caudais ecolóxicos nas masas de auga de categoría río na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

A determinación do Réxime de Caudais ecolóxicos nas masas de auga da Demarcación Augas de Galicia seguirá un proceso que se desenvolverá en tres fases:

- 1.- *desenvolvemento dos estudos técnicos*, de forma que se poda determinar o réxime de caudais ecolóxicos para as masas de auga da categoría río, o que implica o coñecemento dos caudais mínimos e os caudais máximos, coa correspondente distribución temporal, os caudais de avenida e as taxas de cambio. Obterase unha distribución de caudais aplicando métodos hidrolóxicos e





o seus resultados deberán ser axustados mediante a modelización da idoneidade do hábitat en treitos fluviais representativos de cada tipo de río.

2.- *proceso de concertación*, definido por varios niveis de acción (información, consulta pública e participación activa), para os casos que condicionen significativamente as asignacións e os recursos do Plan Hidrolóxico.

3.- *proceso de implantación e seguimento adaptativo*.

Unha vez finalizada esta primeira fase Augas de Galicia levará a cabo os procesos de concertación, implantación e seguimento adaptativo deste réxime de caudais ecolóxicos.

- Segundo se recolle no artigo 50 da normativa do Borrador do Plan Hidrolóxico Galicia Costa, unha vez finalice o proceso de concertación para a implantación do réxime de caudais ecolóxicos, este réxime se adoptará co mesmo efecto que os caudais ecolóxicos referidos no artigo 7 da mesma normativa.
- No momento de finalización do proceso de Consulta Pública do borrador do Plan , e unha vez aprobado por Real Decreto este novo Plan Hidrolóxico de Conca, o estipulado no mesmo terá carácter vinculante, incluído por tanto o réxime de caudais ecolóxicos que se estableza.
- Para unha maior difusión e participación pública, Augas de Galicia, está a organizar distintos procesos de participación, tanto a nivel do Borrador do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa, coa consulta pública e a participación activa na que vostedes xa están a colaborar (a través das mesas territoriais de traballo das que xa se celebrou a primeira rolda), como do proceso de concertación de caudais ecolóxicos que aínda non deu inicio.
- Sinalar que o órgano ambiental para os proxectos desenvolvidos nos ríos da Demarcación Hidrolóxica Galicia-Costa e a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2010

O subdirector de Programación e Proxectos



Roberto Arias Sanchez

